



GUBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

N.º _____ | Ref.º 5-11-2

E/P/E. JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMÚN

Don TOMAS FERNANDEZ DOCTOR, Secretario del Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común de Pontevedra,

CERTIFICA: Que la presente fotocopia es fiel reflejo del acuerdo de clasificación del monte que se menciona.

Asistentes:
Vicepresidentes: Litmo. Sr.
Don Manuel Landeiro Piñeiro.
Vocales:
Don José L. de la Torre Nieto.
Don Luis Solano Aguayo.
Don Pedro Rial López.
Don Ricardo García Borregón.
Don José Casal Pereira.
Don Alfonso Leirós Fernández.
Don Víctor Soto Bello.
Don Juan Reboredo Enríquez.
Don Salvador González Sánchez.
Secretario: Don Tomás Fernández Doctor.

En la Ciudad de Pontevedra, siendo las diecisiete horas del día quince de noviembre de mil novecientos setenta y nueve, con asistencia de los señores que al margen se expresan,

---oOo---

se reunió el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, con objeto de estudiar la clasificación del monte que se indica, sito en el término municipal de MONDARIZ, y

RESULTANDO: Que por la Administración Forestal han sido realizados expedientes de investigación de 12 montes radicados en el Ayuntamiento de Mondariz, entre los que figura el denominado Monte Mayor, Veigas y Coto de Castro que se describe de la forma siguiente:

Nombre del monte: MONTES DE SARRANALA.
Cabidas: 1073 Has.
Límites:
Norte: Término municipal de Fornelos de Montes.
Este: Término y montes de Sabajunes.
Sur: Montes de Riofrío.
Oeste: Término y montes de Grades y Coutón.

RESULTANDO: Que por el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común en sesión celebrada el día 1 de febrero de 1979, se acordó iniciar los trámites para la clasificación de 12 montes radicados en el Ayuntamiento de Mondariz.

RESULTANDO: Que por providencia del Instructor se ha solicitado del Sr. Registrador de la Propiedad de Puentesareas la anotación preventiva del monte a que se refiere la presente propuesta.

RESULTANDO: Que la iniciación del expediente se comunicó al Ayuntamiento y a la Cámara Agraria Local de Mondariz, así como a los vecinos interesados, y que se publicó a éstos efectos en el Boletín Oficial de la provincia núm. 54 de fecha 17 de marzo de 1979, concediéndose un plazo de 60 días para formular alegaciones.

RESULTANDO: Que el Ayuntamiento de Mondariz no se ha personado en el expediente de una manera concreta, si bien en el año 1978 y con motivo de la petición formulada por vecinos de Meiroil, dirigió escrito al Excmo. Sr. Gobernador Civil oponiéndose a que los montes se declararan como de mano común, alegando: a) Que los montes son de propios. b) Que se han tramitado denuncias por la Administración, autorizándose y realizándose aprovechamientos sin que nadie se opusiera a ejecutarlos. c) Que se hicieron deslindes, sin que los vecinos se opusieran al expediente incoado. d) Que hay prescripción a favor del Ayuntamiento con más de 50 años sin que nadie se opusiera a la misma. e) Que los montes fueron incluidos en Inventarios como bienes de propios así como también en el Registro de la Propiedad. f) Que los vecinos no aportan documentación que les respalde como dueños del monte.

RESULTANDO: Que la Cámara Agraria Local no se ha personado en el expediente.

RESULTANDO: Que las Comunidades vecinales se personan en los expedientes con arreglo al siguiente detalle:

- a) Los de Frades interesando se inicie el expediente de clasificación de sus montes.
- b) Los de Lougares interesan se promueva el expediente de clasificación de sus montes.
- c) Los de Meiroil piden sean clasificados como de mano común los montes de la parroquia.
- d) Los de Mouriscados, en escrito firmado por numerosos vecinos, interesan la clasificación de los montes para que sean devueltos a sus legítimos dueños los vecinos.
- e) Los de Sabajanes piden en escrito la clasificación de numerosos montes sitos en su demarcación parroquial.
- f) Los de Vilar aportan copias de diversos documentos del año 1846 y 1861 y 1752, en los que consta la existencia de montes del común de vecinos.

RESULTANDO: Que el monte objeto de ésta propuesta está inscrito en el Registro de la Propiedad por lo menos en parte.

RESULTANDO: Que el monte está catalogado por lo menos en parte como de Utilidad Pública desde que se hizo público el Catálogo, es decir con fecha 1 de febrero de 1901.

RESULTANDO: Que el monte figura en la relación de los exceptuados de la desamortización del año 1846, como de propiedad del común de vecinos.

VISTOS: La Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 27 de julio de 1968 y el Reglamento para su aplicación aprobado por Decreto 569/1970 de 26 de febrero; la Ley de Procedimiento Administrativo y disposiciones concordantes.

GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMÚN

N.º _____ | Ref.º 5-11-2

CONSIDERANDO: Que el artículo 1 de la Ley de 27 de julio de 1968 de Montes Vecinales en Mano Común incluye como tales a aquellos montes - que con independencia de su origen vengán aprovechándose consuetudinariamente en régimen de comunidad como de hecho ocurre con los de pastos y esquilmos y que si los aprovechamientos eran intervenidos por el Ayuntamiento es por carecer hasta ahora de personalidad jurídica la comunidad propietaria.

CONSIDERANDO: Que en la relación de montes de la provincia de Pontevedra del año 1846 figuran los de las parroquias de Mondariz como de propiedad del común de vecinos.

CONSIDERANDO: Que el artículo 2 de la misma Ley de Montes Vecinales es aplicable que no será obstáculo para su clasificación como vecinales en mano común el que esos montes estén incluidos en Catálogos, Inventarios o Registros con asignación de diferente titularidad.

CONSIDERANDO: A mayor abundamiento, que tales inscripciones e inclusiones a favor de los Ayuntamientos fueron debidas en gran parte a la necesidad de que tales montes fuesen inscritos en los correspondientes registros y la única Entidad con personalidad jurídica era el propio Ayuntamiento, por lo que las inscripciones fueron efectuadas a su nombre, como única Entidad que ostentaba la representación de los vecinos.

CONSIDERANDO: Que en el propio catálogo de montes de la provincia, la titularidad se atribuyó a las parroquias correspondientes.

CONSIDERANDO: Que el supuesto presente incide plenamente en el ámbito de la Ley de Montes Vecinales cuya finalidad esencial, como determina su preámbulo, es la de legalizar la situación en la que se encuentran los montes de distintos núcleos vecinales no constituidos como Entidades Municipales cuyo aprovechamiento corresponde a determinadas personas ligadas o no por vínculos administrativos de vecindad, existentes en varias provincias, que vengán transcurriendo por vías de anomalía, carentes de una regulación precisa, regulación que ahora está constituida por la Ley de Montes Vecinales que al otorgar a tales núcleos la personalidad jurídica permite compatibilizar su aprovechamiento con las facultades reconocidas a la Administración, tanto en lo que concierne a la vinculación de tales montes con los Ayuntamientos como a las atribuciones que a la Administración Forestal del Estado le corresponden, encaminadas a garantizar su adecuada explotación.

CONSIDERANDO: En definitiva, que la clasificación del monte y en consecuencia el reconocimiento de la titularidad del mismo al grupo comunitario formado por los vecinos, con sujeción al régimen jurídico que establece el artículo 2 de la Ley citada y el artículo 3º de su Reglamento, redundaría en un aprovechamiento más racional del mismo y en una más adecuada regularización de su situación jurídica.

GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA
JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

N.º _____ REF.º 5-11-2

En su virtud, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, por unanimidad, acuerda:

QUE DEBE CLASIFICAR Y CLASIFICA COMO MONTE VECINAL EN MANO COMÚN EL MONTE DENOMINADO MONTES DE GARGANALA TAL Y COMO SE DESCRIBE EN EL RESULTANDO PRIMERO DE ESTA RESOLUCION, COMO DE PROPIEDAD DE LOS VECINOS DE LA PARROQUIA DE GARGANALA EN EL TERMINO MUNICIPAL DE MONDARIZ, POR REUNIR LOS REQUISITOS EXIGIDOS EN EL ARTICULO PRIMERO DE LA LEY Y SEGUNDO DEL REGLAMENTO DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN,

La presente Resolución podrá ser impugnada ante la Jurisdicción ordinaria si procede, o en vía contencioso-administrativa ante la Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña en el plazo de dos meses, previo el de reposición ante este Jurado en el plazo de un mes a contar desde la notificación de la presente RESOLUCION.

Y para que conste, surta efectos y en cumplimiento de lo dispuesto en el párrafo segundo del artículo veinticuatro del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común, se firma la presente RESOLUCION por los miembros del Jurado que asistieron a la sesión.

Debidamente notificados los interesados y transcurridos los plazos legales, esta RESOLUCION es firme a todos los efectos reglamentarios.

Lo que certifico de orden y con el VºBº del Excmo.Sr.Gobernador Civil, Presidente del Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, a fin de remitirla a la Dirección del ICONA y a la Dirección General de Administración Local.

Pontevedra,

VºBº
EL GOBERNADOR CIVIL-PRESIDENTE



Para os efectos previstos na Disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dásele publicidade ao acordo acadado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en sesión que tivo lugar o 28 de febreiro de 2024, respecto á revisión do esbozo e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal denominado "Gargamala" da Comunidade de Montes Veciñais en man Común de Gargamala, no concello de Mondariz (Expediente: RE22060).

O 17.10.2023 o Servizo de Montes desta Xefatura Territorial emite o seguinte informe:

"Feitos:

Primeiro. O 29.09.2022 e número 2022/2395031 a Comunidade de montes veciñais en man común (en diante, CMVMC) de Gargamala (concello de Mondariz) solicita a revisión parcial do esbozo do monte veciñal en man común (en diante, MVMC) de Gargamala. A dita solicitude deu lugar a apertura do expediente RE22060. Consta no expediente:

- Memoria técnica da revisión parcial do esbozo do MVMC de Gargamala de maio do 2022. Asinada tras modificación o 11.10.2023 pola enxeñeira técnica forestal colexiada núm. 482 do COETF de Galicia.
- Certificado do secretario da CMVMC de Gargamala coa conformidade do presidente do 08.09.2023 da aprobación en asemblea do 16.10.2021.
- Cartografía en formato dixital ETRS 29

A revisión do esbozo establécese a partir de dúas fontes documentais:

- Tramo I, deslinde co MVMC de Toutón (concello de Mondariz) consonte a Orde do 31 de xaneiro de 2008 pola que se aproba o deslindamento parcial dos montes veciñais en man común das parroquias de Gargamala e Toutón, pertencentes ás comunidades do mesmo nome, no concello de Mondariz (Pontevedra) (DOG núm. 28, do 8 de febreiro)
- Tramo II, deslinde co MVMC de Sabaxans (concello de Mondariz) segundo a sentenza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº2 de Pontearreas en procedemento ordinario 123/2002.

Segundo. O obxecto da revisión do esbozo parcial é o MVMC de Gargamala clasificado como MVMC polo Xurado de MVMC de Pontevedra o 15.11.1979 cunha superficie inicial de 1.073 has.

Segundo os datos do Sistema Rexistral Forestal de Galicia existe un contrato de xestión pública co número de elenco 3615610 e unha superficie de 853 has. Existe unha servidume polo paso da liña eléctrica LAT a 220 KV entre Castrelo de Miño e Pazos de Borbén. Asemade, dispón dun instrumento de ordenación inscrito no





Rexistro público de montes ordenados de Galicia (en diante, RMOG) co número 3600018 e vixente ata o ano 2030.

Os vixentes instrumentos de xestión da CMVMC de Gargamala, da CMVMC de Sabaxáns e da CMVMC de Toutón respectan os límites establecidos.

Terceiro. A superficie e perímetro da revisión do esbozo proposto é de 954,02 has e 5,98 qm. Non se modifican os límites do MVMC de Gargamala que constan na resolución de clasificación de MVMC do ano 1979.

Cuarto. O 30.11.2022, o Xurado de MVMC de Pontevedra acorda solicitar ao Servizo de Montes unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal clasificado a favor da CMVMC de Gargamala (concello de Mondariz), Exped.: RE22060 coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño de 2012, de montes de Galicia.

Consideracións Legais e Técnicas

Primeira. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (en adiante, LMG), na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

<1. Os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade, non reúnan as características de fiabilidade e precisión que exigen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión total ou parcial, axustándose e completándose con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular os requiridos para a súa inmatriculación no rexistro da propiedade.

2. Para estes efectos, o xurado provincial de montes veciñais en man común, de oficio ou por instancia de parte, poderá solicitar á Administración forestal unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal en man común. Na proposta non poderán incluírse parcelas que figuren inmatriculadas no rexistro da propiedade a favor de persoas físicas ou xurídicas distintas á comunidade veciñal de montes.

3. Unha vez aceptada a proposta polo xurado, poñerase en coñecemento da comunidade propietaria e publicarase no Diario Oficial de Galicia para o resto de posibles interesados.

4. Aceptada a revisión, poderase proceder á marcaxe dos montes veciñais, que en todo caso se axustará ao plano que resulte da dita revisión. A marcaxe poderá ser realizada de oficio pola propia Administración forestal ou por instancia das comunidades propietarias.

5. Se durante a revisión ou a marcaxe se suscitan cuestións relativas á propiedade, poñerase fin ao procedemento, dentro do perímetro cuestionado, sen máis trámites.





Este acordo de finalización e arquivo parcial do procedemento non será susceptible de impugnación na vía administrativa, sen prexuízo da facultade dos interesados de acudir á vía xurisdiccional civil, por ser esta a competente para dirimir tal controversia.>

Segunda. A revisión do esbozo parcial do monte Gargamala proposta polo Servizo de Montes é a presentada pola CMVMC de Gargamala (Mondariz), e queda definido consonte os datos reflectidos no feito terceiro, e a cartografía que consta no expediente."

Vista a proposta de revisión presentada polo Servizo de Montes sobre a adaptación do esbozo do monte veciñal Gargamala e de conformidade co previsto na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, este Xurado por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

Aprobar a revisión do esbozo parcial do monte veciñal Gargamala clasificado a prol da CMVMC de Gargamala (Mondariz), segundo a proposta do Servizo de Montes e a planimetría elaborada polo mesmo.

Antonio Crespo Iglesias

Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

sinatura dixital



542000

544000

546000

548000

O Cabo de Raña



Concello de Mondariz

Concello de Fornelos de Montes

Freaza

Monte de Gargamala
954,02 ha

Portacurbo

Festín

Destinde Toutón - Gargamala



4680000

4682000

4680000

Boente

A Rúa

Mourelle

O Barro

A Igrexa

CVE: Xkk4xEMNEXM4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Asinado por: CRESPO IGLESIAS, ANTONIO
Cargo: Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común
Data e hora: 14/02/2024 16:09:36



atum ETRS89 - UTM zona 29N

Escala 1:17.000

Xaneiro - 2024

REVISIÓN DE ESBOZO. Expte: RE22060
ID 2839- Monte Gargamala
ID 2677-Pertenza Gargamala (Mondariz)

CMVMC de Gargamala
Concello de Mondariz



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dep. Territorial de Pontevedra
Servizo de Montes

para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a empresas galegas do sector téxtil-moda-confección para a realización de actuacións e estratexias de promoción e internacionalización, e se procede á súa convocatoria (IN515B), publicada no DOG nº 8, do 11 de xaneiro de 2008, cómpre realizar a seguinte corrección:

Na páxina 707, no artigo 2º, punto 1, tipo b), subtipo b2, onde di: «Terán a consideración de gastos subvencionables os alugueres de espazo e, por unha soa vez e mercado, os traballos de gabinetes de comunicación específicos para estas actuacións. Con respecto aos córners, tamén será subvencionable por unha soa vez e mercado, o deseño, a construción e a decoración.», deberá dicir: «Terán a consideración de gastos subvencionables por unha soa vez e mercado, os alugueres de espazo e os traballos de gabinetes de comunicación específicos para estas actuacións. Con respecto aos córners, tamén será subvencionable por unha soa vez e mercado, o deseño, a construción e a decoración».

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 31 de xaneiro de 2008 pola que se aproba o deslindamento parcial dos montes veciñais en man común das parroquias de Gargamala e Toutón, pertencentes ás comunidades do mesmo nome, no concello de Mondariz (Pontevedra).

Unha vez examinado o expediente de deslindamento do monte veciñal en man común dos veciños de Gargamala e Toutón, no concello de Mondariz (Pontevedra), e tendo en conta os seguintes.

Antecedentes de feito.

Primeiro.-O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, mediante Resolución do 15 de novembro de 1979, clasificou os montes de Gargamala como montes veciñais en man común da propiedade dos veciños da parroquia de Gargamala, no Concello de Mondariz.

Segundo.-O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, mediante Resolución do 15 de novembro de 1979, clasificou os montes de Toutón como montes veciñais en man común de propiedade dos veciños da parroquia de Toutón, no concello de Mondariz.

Terceiro.-A Comunidade de Montes de Gargamala formulou demanda de xuízo declarativo de menor cuantía o día 8 de abril de 1998, exercendo unha acción declarativa de dominio, contra a Comunidade de Montes de Toutón.

A sentenza do Xulgado de Primeira Instancia nº 2 de Ponteareas, do 31 de xullo de 1999, desestima a demanda debido a que a discrepancia entre as partes

versa sobre o deslindamento dos montes de Gargamala e “a concreción dos lindeiros precisaría dunha acción de deslindamento previa ou conxuntamente cunha acción declarativa de dominio”, xa que esta última exige como requisitos non só a presentación dun título que acredite a adquisición da propiedade, senón tamén que se fixe debidamente a cabida, situación e lindeiros.

Contra esta sentenza interpúxose recurso de apelación ante a Audiencia Provincial de Pontevedra, que ditou sentenza con data do 10 de outubro de 2001, confirmando a de primeira instancia.

Con posterioridade, o 24 de novembro de 2001, a sentenza da Audiencia Provincial foi recorrida en casación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que mediante sentenza do 13 de maio de 2002 declara que procede o recurso de casación.

Cuarto.-O 1 de xullo de 2004, a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais autoriza o deslindamento parcial entre as comunidades de Toutón e Gargamala, como consecuencia das sentenzas arriba indicadas e de acordo co artigo 135 do Regulamento de montes.

Quinto.-Con data 13 de abril de 2005, comunícaselle a decisión de deslindamento ao Rexistro da Propiedade de Ponteareas para que se estendan anotacións sobre o acordo de deslindamento na marxe das inscricións de dominio dos montes de Gargamala e de Toutón.

Sexto.-No *Diario Oficial de Galicia* (DOG nº 75, do 20 de abril de 2005) publícase o edicto polo que se anuncia o comezo do deslindamento parcial e se solicita do Concello de Mondariz a súa publicación no taboleiro de anuncios durante tres meses. Coa mesma data remíteselles o edicto ao alcalde do Concello de Mondariz e aos presidentes das comunidades de montes de Gargamala e de Toutón.

Sétimo.-O Gabinete Xurídico Territorial da Delegación de Pontevedra emitiu un informe o 13 de xullo de 2005 sobre a documentación presentada en prazo polas dúas comunidades.

O 15 de setembro de 2005, o enxeñeiro operador emite o seu informe sobre recoñecemento e clasificación de predios ou dereitos, que é aprobado polo xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais o 16 de setembro de 2005.

Oitavo.-O apeo en campo iniciouse, de acordo co anunciado, o 19 de setembro de 2005, concluíu o 27 de setembro de 2005.

O enxeñeiro operador emite o seu informe o 21 de decembro de 2005.

Mediante edicto publicado no DOG do 3 de febreiro de 2006 ábrese período de vista do expediente e notifícaselles ao Concello e as comunidades de montes de Gargamala e Toutón.

O 9 de xuño de 2006 recíbese informe do letrado do Gabinete Xurídico Territorial sobre as reclamacións presentadas.

Dáse traslado deste informe xunto coas reclamacións ás comunidades de montes para que, de acordo co artigo 124 do Regulamento de Montes, manifesten se acceden ou non ás pretensións deducidas.

O 27 de xullo de 2006 tivo entrada o informe da comunidade de montes de Toutón en que manifesta non acceder ás pretensións da comunidade de Gargamala.

O 3 de agosto de 2006 recíbese informe da Comunidade de Montes de Gargamala, que rexeita as pretensións da comunidade de montes de Toutón.

Noveno.-Finalmente, o 29 de agosto de 2007, o xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra remitiulle o expediente xunto co seu informe-proposta á Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, que informa favorablemente no sentido proposto polo xefe de servizo.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-De acordo co disposto nos reais decretos 167/1981, do 9 de xaneiro; 1706/1982, do 24 de xullo, e 1535/1984, do 20 de xuño, sobre transferencias de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, no Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e no Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, o conselleiro de Medio Rural é competente para ditar esta orde.

Segundo.-O Servizo de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra é competente para levar adiante o antedito deslindamento, cumpridas todas as prescricións legais en canto á publicidade, notificación e demais requisitos exixidos nos artigos 82 ao 125 do Regulamento de montes aprobado polo Decreto 485/1962, do 22 de febreiro.

Terceiro.-As resolucións do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común atribúenlle a propiedade ás comunidades veciñais en canto non exista sentenza firme en contra ditada pola xurisdición ordinaria segundo determina o artigo 30 do Decreto 262/1992, polo que se aproba o regulamento da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

En consecuencia, o enxeñeiro operador tivo en conta as resolucións de clasificación do 15 de novembro de 1979 tanto ao facer o apeo como na súa proposta.

Tendo en conta os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación e o informe-proposta do xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais,

DISPÓN:

Primeiro.-Aprobar o deslindamento parcial dos montes de Gargamala, no concello de Mondariz, provincia de Pontevedra, propiedade da Comunidade de

Montes Veciñais en Man Común de Gargamala, de acordo co rexistro topográfico e co plano que figuran no expediente, coa seguinte descrición:

Provincia: Pontevedra.

Nome do monte: montes de Gargamala.

Concello: Mondariz.

Pertenza: Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Gargamala.

Lindes:

Norte: concello de Fornelos de Montes.

Leste: termo e montes de Sabaxáns.

Sur: montes de Riofrío.

Oeste: termo e montes de Frades e Toutón.

Descrición de lindeiros:

O perímetro deslindado comeza no piquete nº 1 situado na valgada de Regueiro do Cocho no seu linde con propiedades particulares, avanza en dirección nordeste ata alcanzar o piquete nº 2 situado no bordo exterior da curva da estrada Mondariz-Moscoso que cruza sobre a valgada de Regueiro do Cocho. Ascende en dirección nordeste pola ladeira esquerda da dita valgada ata o piquete nº 3 no bordo dun camiño de servizo. Desde alí avanza en dirección leste ata as proximidades do pasteiro de Chan de Cairón, bordeando pola dereita os Altos de Picós ata alcanzar o piquete nº 4 nas proximidades do cruzamento dunha pista de servizo co camiño perimetral do pasteiro Chan de Cairón. Avanza en dirección norte seguindo o camiño perimetral do pasteiro ata alcanzar o piquete nº 5, situado no foxo desta pista fronte á esquina do cercado deste pasteiro. Continúa en dirección norte ata o piquete nº 6, situado no Alto de Picós, nas proximidades dun cruzamento de camiños de servizo. Desde este punto progresa cara o nordeste ata o piquete auxiliar nº 6', situado entre un camiño de servizo e o cercado do pasteiro de Chan de Cairón. Segue na mesma dirección ata o piquete nº 7 no límite da zona de dominio público do Río Freaza ou Barragán.

En todo o perímetro descrito é lindante a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Toutón.

Ao ser un deslindamento parcial non é posible determinar modificacións na cabida do monte.

Figura inscrito no Rexistro da Propiedade de Pontareas, tomo 917, libro 104 de Mondariz, predio 14.882 con data 9 de maio de 1983.

Segundo.-Aprobar o deslindamento parcial dos montes de Toutón, no concello de Mondariz, provincia de Pontevedra, propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Toutón, de acordo co rexistro topográfico e co plano que figuran no expediente, coa seguinte descrición:

Provincia: Pontevedra.

Nome do monte: montes de Toutón.

Concello: Mondariz.

Pertenza: Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Toutón.

Lindes:

Norte: río Freaza.

Leste: montes de Gargamala e Frades.

Sur: termo e montes de Vilar.

Oeste: termos de Pontearreas e Pazos de Borbén.

Descrición de lindeiros:

O perímetro deslindado da comunidade de Toutón comeza no piquete nº 7 situado no límite da zona de dominio público do río Freaza ou Barragán, continúa en dirección sudoeste ata o piquete auxiliar nº 6' situado entre un camiño de servizo e o cercado do pasteiro de Chan de Cairón. Segue na mesma dirección ata o piquete nº 6 no Alto de Picós, nas proximidades do cruzamento de camiños de servizo. Segue en dirección sur ata o piquete nº 5, situado no foxo do camiño perimetral do pasteiro de Chan de Cairón, fronte á esquina do cercado deste pasteiro. Desde alí avanza en dirección sur polo camiño perimetral do pasteiro ata o piquete nº 4, nas proximidades do cruzamento cunha pista de servizo. Continúa en dirección oeste ata o piquete nº 3 no bordo do camiño de servizo, rodeando os Altos de Picós pola esquerda. Descende en dirección sudoeste pola ladeira esquerda da valgada do Regueiro do Cocho ata alcanzar o piquete nº 2, situado no bordo exterior da curva da estrada Mondariz-Moscoso que cruza sobre a valgada de Regueiro do Cocho. Avanza en dirección sudoeste descendendo pola valgada de Regueiro do Cocho ata alcanzar o límite con propiedades particulares, onde se sitúa o piquete nº 1, no fondo da valgada de Regueiro do Cocho.

En todo o perímetro descrito é lindante a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Gargamala.

Ao ser deslindamento parcial non é posible determinar modificacións na cabida do monte.

Terceiro.-Respecto ás reclamacións presentadas durante o período de vista do expediente por José Diamantino Alfaya Seoane, presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Toutón; Hermindo Álvarez Fernández, presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Gargamala; Herculina Lorenzo Abril e outros, propietarios de explotacións gandeiras, e Dolores Boullosa Otero, propietarios de parcelas privadas, unicamente procede aceptar a reclamación relativa ao piquete nº 6' formulada por parte das comunidades de Toutón e de Gargamala, rexeitando o resto das reclamacións presentadas.

Cuarto.-Declarar que esta resolución esgota a vía administrativa e que queda expedita a xudicial civil.

Quinto.-Que se notifiquen os novos datos resultantes da descrición do monte ao Rexistro Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra.

Sexto.-Que se inmatriculen os montes coas características resultantes no Rexistro da Propiedade.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2008.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro de Medio Rural

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Orde do 30 de xaneiro de 2008 pola que se regula o exercicio de dereito ao voto das persoas traballadoras por conta allea nas eleccións xerais ao Congreso dos Deputados e ao Senado convocadas para o día 9 de marzo de 2008 polo Real decreto 33/2008, do 14 de xaneiro.

Convocadas eleccións xerais ao Congreso dos Deputados e ao Senado polo Real decreto 33/2008, do 14 de xaneiro, da Xefatura do Estado, e ao abeiro do artigo 37.3º d) do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, cómpre regular as diversas situacións que se podan presentar para o exercicio do dereito ao voto daqueles traballadores e traballadoras que non gocen do seu descanso semanal o día da votación, así como das persoas que interveñen dentro do proceso electoral, posto que as eleccións terán lugar en domingo, todo isto de conformidade co disposto no artigo 13 do Real decreto 605/1999, do 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais.

Para este fin, e logo do acordo co delegado do Goberno de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Estas normas seranlles de aplicación ás persoas traballadoras por conta allea que teñan a condición de electoras e non gocen do devandito día de descanso semanal previsto no artigo 37.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e a aquelas en que conorra a condición de membros de mesas electorais, interventores ou apoderados nas eleccións xerais do 9 de marzo de 2008.

Artigo 2º

Para que as persoas traballadoras por conta allea poidan participar nas eleccións xerais a ambas as cámaras, que se levarán a cabo o día 9 de marzo de 2008, no suposto de que non gocen en tal data de descanso semanal, terán un permiso retribuído correspondente, consonte as seguintes prescricións:

a) As persoas traballadoras por conta allea, cun horario de traballo que non coincida co de apertura de mesas electorais, ou que coincida nun período inferior a dúas horas, non terán dereito a permiso retribuído.

b) As persoas traballadoras por conta allea, cun horario de traballo que coincida en dúas ou máis horas e menos de catro co período de apertura das mesas electorais, gozarán dun permiso retribuído de dúas horas.